



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Literatura Latina Antiga e Medieval		Código	710G01055
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Profesorado	Santos Paz, Jose Carlos	Correo electrónico	j.c.santos@udc.es	
Web	<a href="https://coruna.academia.edu/Jos%C3%A9SantosPaz">https://coruna.academia.edu/Jos%C3%A9SantosPaz</a>			
Descripción xeral	<p>A materia ofrece unha visión xeral (áinda que necesariamente parcial) da historia literaria latina, antiga e medieval, abordada a través da periodización, os xéneros literarios e algúns dos temas que trajeron os escritores latinos. Mais que unha análise profunda de aspectos concretos, trátase de ver como se relaciona o sistema literario coas circunstancias sociais e políticas, como estas influíron na aparición ou desaparición dos xéneros literarios, como algúns dos xéneros antigos se transformaron na Idade Media, amén doutros aspectos más específicamente literarios. Os temas abórdanse desde unha perspectiva teórica ou práctica, a partir do comentarios de breves textos traducidos.</p> <p>No contexto da titulación na que se imparte (Grao en Humanidades), a materia agrúpase con outras que tratan, por unha banda, as historias literarias galega e española (das que pode ser un complemento fundamental, xa que moitas formas e contidos desas literaturas, especialmente no período medieval, concordan coas latinas) e, por outra, con asignaturas nas que se estudan outros aspectos da cultura medieval, como a historia ou a arte.</p>			
Plan de continxencia	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Modificacións nos contidos</li>   <li>2. Metodoloxías           <ul style="list-style-type: none"> <li>*Metodoloxías docentes que se manteñen</li>   <li>*Metodoloxías docentes que se modifican</li> </ul> </li>   <li>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</li>   <li>4. Modificacións na avaliación           <ul style="list-style-type: none"> <li>*Observacións de avaliación:</li> </ul> </li>   <li>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</li> </ol>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Coñecemento das producións culturais da Humanidades (Arte, Pensamento, Literatura e Institucións)	A1	
Coñecemento das producións culturais da Humanidade (Arte, Pensamento, Literatura e Institucións)	A2	
Coñecemento sincrónico e diacrónico de diversas realidades culturais actuais	A7	
Coñecemento de linguas e culturas clásicas	A9	



Coñecemento das técnicas e métodos de traballo e análise das ciencias humanas e sociais	A11		
Uso correcto, oral e escrito, das linguas propias	A12		
Aprender a aprender		B1	
Resolver problemas de forma efectiva		B2	
Traballar de forma autónoma con iniciativa		B4	
Comunicarse de maneira efectiva no contorno de traballo		B7	
Comunicación oral e escrita nas linguas propias		B8	
Capacidade de análise e de síntese		B10	
Capacidade de xestión da información relevante		B11	
Creatividade e orixinalidade no pensamento e na práctica		B20	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma		C1	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida		C3	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse		C6	
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		C7	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade		C8	

#### Contidos

Temas	Subtemas
1. Introducción	Obxectivo da materia, límites, conceptos básicos e métodos de traballo.
2. A comunicación literaria na Antigüidade e na Idade Media 1	Autores e público. Difusión e recepción da literatura latina
3. A comunicación literaria na Antigüidade e na Idade Media 2	Código literario 1: Retórica e poética antiga e medieval
4. A comunicación literaria na Antigüidade e na Idade Media 3	Código literario 2: Imitación e arte alusiva na Antigüidade e na Idade Media
5. Periodización 1	Literatura romana da época republicana. A xeración de Cicerón
6. Periodización 2	Época imperial: literatura e poder, mecenazgo e propaganda
7. Periodización 5	Literatura e cultura da época carolinxia
8. Periodización 6	O Renacemento do século XII
9. Xéneros 1	Teatro e espectáculo na Antigüidade e na Idade Media latina
10. Xéneros 2	Historiografía
11. Xéneros 3	Da biografía antiga á haxiografía medieval
12. Xéneros 4	Prosa de ficción
13. Xéneros 5	Literatura satírica e paródica en Roma e na Idade Media
14. Xéneros 6	Oratoria
15. Xéneros 7	Da poesía bucólica á altercatio medieval
16. Xéneros 8	Épica narrativa da Antigüidade e formas da épica cristiá e medieval
17. Xéneros 9	Épica didáctica
18. Xéneros 10	Literatura técnica
19. Xéneros 11	Poesía lírica
20. Xéneros 12	Da elexía clásica ao amor cortés
21. Xéneros 13	Epigrammata e aenigmata
22. Temas 1	A recepción medieval da literatura clásica: Virxilio
23. Temas 2	Intercambios culturais na literatura latina: xudíos, xermanos e celtas
24. Temas 3	Os animais na literatura latina antiga e medieval: fábulas, bestiarios, recetarios e literatura simbólica
25. Temas 4	Escritoras latinas da Antigüidade e da Idade Media
26. Temas 5	Recepción da literatura latina na cultura contemporánea

#### Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A7 A9 A11 A12 B1 B2 B4 B7 B8 B10 B11 B20 C1 C3 C6 C7 C8	24	48	72
Lecturas	A1 A2 A7 A9 A11 B1 B11	0	20	20
Proba mixta	A1 A2 A7 A9 A11 A12 B2 B8 B10 B11 B20 C1	2	17	19
Traballos tutelados	A1 A2 A7 A9 A11 A12 B1 B2 B4 B8 B10 B11 B20 C1 C3 C7	0	14	14
Sesión maxistral	A1 A2 A7 A9 A11	24	0	24
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conjuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Lecturas	Textos de literatura latina que se comentarán especialmente nas sesións maxistrais e de aprendizaxe colaborativa. Indicaranse ao longo do curso os textos e as traducións recomendadas.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas sobre contidos do programa.
Traballos tutelados	Traballos individuais sobre algún aspecto específico dun tema concreto. Na súa realización o alumnado deberá traballar con fontes de información acreditadas academicamente. A presentación deberá adaptarse aos estándares dos traballos académicos.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	O alumnado recibirá atención personalizada no horario de tutorías, especialmente dirixida a axudalos na elaboración dos traballos e das tarefas das sesións interactivas. Tamén será atendido, para dúbihdas ou cuestións puntuais, por correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A7 A9 A11 A12 B2 B8 B10 B11 B20 C1	Responder correctamente a cuestións sobre o programa da materia nun exame escrito que se realizará na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade	50
Traballos tutelados	A1 A2 A7 A9 A11 A12 B1 B2 B4 B8 B10 B11 B20 C1 C3 C7	Entrega dos traballos individuais que se encomenden. Calidade e presentación dos mesmos.	10



Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A7 A9 A11 A12 B1 B2 B4 B7 B8 B10 B11 B20 C1 C3 C6 C7 C8	Asistencia ás sesións interactivas, participación nas mesmas e realización das tarefas que se encomenden	40
-----------------------------	--	--	----

#### Observacións avaliación

stablécense dúas modalidades de avaliación: 1) avaliación continua (50%) + avaliación final (50%), 2) avaliación final (100%).

A

avaliación final consistirá nun exame escrito que se realizará nas datas das convocatorias oficiais aprobadas na Xunta de Facultade. Na modalidade 1) quedarán excluídos do exame final os temas sobre os cales se realizasen actividades de avaliación continua. Na modalidade 2) o alumnado examinarase da totalidade do programa.

As

actividades de avaliación continua desenvolveranse nas clases interactivas e consistirán no comentario de textos seleccionados polo profesor ou traballos monográficos sobre unha cuestión puntual. O profesor indicará os aspectos que se deben comentar en cada caso e a bibliografía necesaria para os alumnos desenvolveren a actividade. As actividades serán individuais ou en grupo pero, en calquera caso, darán lugar a un debate nas aulas. Xa que logo, non so se valorará a elaboración dos traballos, senón a asistencia e a participación nas aulas. Ademais, cada alumno/a deberá entregar un resumo do trabalho que fixo en cada actividade.

Cabe a posibilidade de que algúns dos traballos que se encomenden sexan so para entregar por escrito.

Os aspectos formais (corrección lingüística na redacción dos traballos, claridade na exposición, bibliografía correctamente citada, etc.) teranse en conta na avaliación dos comentarios, traballos e portafolios.

O alumnado recibirá a corrección de cada un dos traballos entregados, onde se especifica que aspectos están ben ou non e onde se motiva a calificación da tarefa.

En

caso de non superarse a materia na convocatoria de xuño, as cualificacións das actividades de avaliación continua manteranse na convocatoria de xullo.

A

data de entrega dos traballos indicarase na ficha de cada actividade. En calquera caso, deberá ser unha data que permita cumplir os prazos de avaliación previstos na normativa de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.

#### Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Albrecht, M. von (1997). Historia de la literatura latina. Barcelona: Herder</li><li>- Brunhölzl, F. (1990-). Histoire de la littérature latine du Moyen âge. Turnhout: Brepols</li><li>- Cavallo, G.-Fedeli, P.-Giardina, A. (eds.) (1989-). Lo spazio letterario di Roma antica. Roma: Salerno</li><li>- Cavallo, G.-Leonardi, C.-Menestò, E. (eds.) (1993-). Lo spazio letterario del Medioevo. 1. Il Medioevo latino. Roma: Salerno</li><li>- Codoñer Merino, C. (ed.) (2011 (reimpr.)). Historia de la literatura latina. Madrid: Cátedra</li><li>- Curtius, E. R. (1955). Literatura europea y Edad Media latina. México-Madrid-Buenos Aires: FCE</li><li>- Dronke, P. (1985 (reimpr.)). La lírica en la Edad Media. Barcelona: Ariel</li><li>- Dronke, P. (1968 (2ª ed.)). Medieval Latin and the Rise of European Love-Lyric. Oxford: University Press</li><li>- Gómez Pallarès, J. (2003). Studiosa Roma. Los géneros literarios en la cultura romana. Barcelona: Universitat Autònoma</li><li>- Harrison, S. J. (ed.) (2005). A Companion to Latin Literature. Blackwell: Malden-Oxford-Carlton</li><li>- Kenney, E. J.-Clausen, W. V. (eds.) (1989). Historia de la literatura clásica (Cambridge University). II: Literatura latina. Madrid: Gredos</li><li>- Leonardi, C. (ed.) (2002). Letteratura latina medievale (secoli VI-XV). Un manuale. Firenze: Edizioni del Galluzzo</li><li>- Moralejo Álvarez, J. L. (2002). La poesía latina medieval: apuntes para una clasificación genérica, en Actas del III congreso hispánico de latín medieval. León: Universidad</li><li>- Paratore, E. (1987). História da literatura latina. Lisboa</li><li>- Moreschini, C. (2006). Historia de la literatura cristiana antigua (2 vols.). Madrid: BAC</li><li>- D'Angelo, E. (2009). La letteratura latina medievale. Una storia per generi. Roma: Viella</li><li>- Hexter, R.-Townsend, D. (eds.) (2012). The Oxford Handbook of Medieval Latin Literature. Oxford: University Press</li><li>- VV. AA. (1972-). Typologie des sources du Moyen Âge occidental. Turnhout: Brepols</li><li>- (.). Bibliotheca Augustana &amp;lt;<a href="http://www.hs-augsburg.de/~harsch/augusta.html">http://www.hs-augsburg.de/~harsch/augusta.html</a>&amp;gt;;</li><li>- (.). Cultura clásica &amp;lt;<a href="http://www.culturaclasica.com/literatura/literatura.htm">http://www.culturaclasica.com/literatura/literatura.htm</a>&amp;gt;;</li><li>- (.). Latin Library &amp;lt;<a href="http://www.thelatinlibrary.com/">http://www.thelatinlibrary.com/</a>&amp;gt;;</li><li>- (.). Perseus Digital Library &amp;lt;<a href="http://www.perseus.tufts.edu/hopper/">http://www.perseus.tufts.edu/hopper/</a>&amp;gt;;</li><li>- (.). Recursos del mundo clásico en internet &amp;lt;<a href="http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm">http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm</a>&amp;gt;;</li><li>- (.). Universidad de Salamanca-Recursos literarios &amp;lt;<a href="http://clasicas.usal.es/recursos/literaria.htm">http://clasicas.usal.es/recursos/literaria.htm</a>&amp;gt;;</li></ul>
---------------------	--

**Bibliografía complementaria**

- Allegri, L. (2003 (6<sup>a</sup> ed.)). Teatro e spettacolo nel Medioevo. Roma-Bari: Laterza
  - André, J. M.-Hus, A. (1983). La historia en Roma. Madrid: Siglo XXI
  - Citroni, M. (1995). Poesia e lettori in Roma antica. Roma-Bari
  - Codoñer, C. (1986). Evolución del concepto de historiografía en Roma. Bellatera: Universitat Autònoma de Barcelona
  - Coronel Ramos, M. A. (2002). La sátira latina. Madrid: Síntesis
  - Dominik, W.-Hall, J. (eds.) (2007). A Companion to Roman Rhetoric. Malden-Oxford-Carlton: Wiley-Blackwell
  - Dronke, P. (1994). Las escritoras de la Edad Media. Barcelona: Mondadori
  - Fantuzzi, M.-Papanghelis, T. (eds.) (2006). Brill's Companion to Greek and Latin Pastoral (Brill's Companions in Classical Studies). Leiden-Boston: Brill
  - Freudenburg, K. (ed.) (2006). The Cambridge Companion to Roman Satire. Cambridge: University Press
  - Green, R. P. H. (2006). Latin Epics of the New Testament. Oxford: University Press
  - Greene, E. (2005). Women Poets in Ancient Greece and Rome. Oklahoma
  - Harrison, S. J. (ed.) (1990). Oxford Readings in Vergil's Aeneid. Oxford: University Press
  - Harrison, S. J. (ed.) (2005 (reimpr.)). Oxford Readings in the Roman Novel. Oxford: University Press
  - Hofman, H. (1999). Latin Fiction. The Latin Novel in context. London-New York
  - Jenkins, R. (ed.) (1995). El legado de Roma: una nueva valoración. Barcelona: Crítica
  - Kennedy, G. A. (1984). A New History of Classical Rhetoric. Princeton: University Press
  - Lausberg, H. (1975 (reimpr.)). Manual de retórica literaria: fundamentos de una ciencia de la literatura. Madrid: Gredos
  - López, A.-Pociña, A. (2007). Comedia romana. Madrid: Akal
  - López Silva, X. A. (2007). A literatura dramática de expresión latina, en Vieites, M. F. (ed.), Literatura dramática, unha introducción histórica, pp. 81-108. Vigo: Galaxia
  - Mauskopf Deliyannis, D. (ed.) (2003). Historiography in the Middle Ages. Leiden-Boston: Brill
  - Margarido Ferreira, P. S. (2000). Os elementos paródicos no Satyricón de Petronio e o seu significado. Coimbra
  - Nuckley, E.-Dinter, M. (eds.) (2013). A Companion to the Neronian Age. Malden-Oxford-Chichester: Wiley-Blackwell
  - Reynolds, L. D.- Wilson, N. G. (1996). Copistas y filólogos: las vías de transmisión de las literaturas griega y latina. Madrid: Gredos
  - Silk, M.-Gildenhard, I.-Barrow, R. (eds.) (2014). The Classical Tradition. Art, Literature, Thought. Malden-Oxford-Chichester: Wiley-Blackwell
  - Valcárcel Martínez, V. (ed.) (2009). Las biografías griega y latina como género literario. De la Antigüedad al Renacimiento. Algunas calas. Vitoria: Universidad del País Vasco
- Na bibliografía non se indican ediciones de textos nin traduccóns, fontes imprescindibles para o estudo da literatura. En xeral, recoméndanse as edición de textos clásicos de coleccións como Oxford Classical Texts, Les Belles Lettres (bilingüe), Alma Mater (bilingüe) ou Biblioteca Teubneriana. Polo que respecta ás traduccóns, unha gran parte dos autores clásicos e tardíos están na Biblioteca Clásica da editorial Gredos. Para os textos medievais existen algunas coleccións como a do Pontifical Institute of Mediaeval Texts de Toronto ou as da SISMEL de Florencia. En calquera caso, as referencias dos textos concretos cos que se traballará nesta materia serán proporcionadas nas aulas.

**Recomendacións**

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

**Observacións**

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías